


O itinerario continua á esquerda para sair da aldea por un camiño empedrado cara o río Dorelle.


O descenso remata na ponte que cruza o río, pouco despois da súa magnífica fervenza. Domina o bosque o rebolo, sobrevivente das intensas cortas para a obtención de trabes, travesas para o ferrocarril e leñas. Tamén abundan os pradairos e os bidueiros, e nos regatos grandes abeleiras.

Pouco a pouco o camiño abandona a fraga para se achegar a Bozqueimado, despois de atravesar dous pequenos regatos, e sobe ata desembocar nunha ancha pista de terra que nos leva a aldea, que atravesamos deixando a capela de San Cosme á esquerda. Sáese da aldea pola estrada e uns metros máis adiante collemos á dereita o vello camiño de Celeiros, que ascende ata As Cruces.

Xa na estrada descendemos uns metros ata unha pequena estrada que sae pola dereita cara A Ventosa, e de ali ao punto de inicio deste percorrido.



Fervenza de Dorelle



#### TELÉFONOS E SERVIZOS DE INTERESE:

Casa do concello: 988.334.000

Centro de saúde: 988.334.026

Emerxencias: 112

Taxi: 649.809.783

Comidas e aloxamentos:

- Casa Gerardo: 988.334.019
- Casal de Drados (turismo rural): 988.304.235
- Complexo Turístico Villa Céleiros: 988.334.044

Os textos e as fotografías son propiedade do autor, que os cede gratuitamente ao concello de Chandrexa de Queixa para a súa utilización na presente obra.


O autor: Luis J. Miguez Rodriguez.

Impreso en papel 100% reciclado, libre de cloro e certificado



# ITINERARIO AMBIENTAL CIRCULAR DE CELEIROS

**DESCUBRINDO A MONTAÑA CENTRAL OURENSA**



**ITINERARIOS AMBIENTAIS**

O itinerario comeza en Celeiros e pasa por Parafita, O Chao, Casteligo e Bozqueimado a través de fragas, pontes de pedra e muíños de auga.

Desde o concello hai que baixar entre as primeiras casas, cara o restaurado forno comunal, que se deixa á dereita, para continuar polo camiño ata o final, onde un sinal indica que hai que subir cara a dereita por unha senda que rodea a aldea de A Ventosa. A senda desemboca na estrada de acceso á aldea, pola que seguimos ata empatar coa xeral que chega de Trives. Subimos por ela ata o cumio das Cruces, onde collemos o camiño que nos conduce a Parafita atravesando os prados de sega, exemplo secular da transformación permanente do monte en prado, cun coidado laboreo que inclúe as caldeiras, conducóns a ceo aberto, que levan a auga por toda a súa superficie para mantelos húmidos e fértiles.

Pouco a pouco o camiño vai abandonando os prados e a paisaxe agrícola vai sendo substituída polos retallos de fragas onde comezan a aparecer os rebolos, que dominan toda a paisaxe nemoral. Atravésase unha extensa xunqueira aproveitada para prado, con abundante auga, e unha vez rematada comeza a subida por un camiño empedrado que discorre a carón dunha vella casa, de grosos muros, que fixo ás veces de palleira. Despois de atravesar un regato, continuamos a ascensión polo camiño empedrado e cuberto dun espeso dosel arbóreo de rebolos, xestas e piornos, que evitan o calor do verán e permiten o paso do tépedo sol do inverno.

A continuación pasamos un segundo regato e logo de dous cruzamentos á dereita seguimos subindo por un camiño co



Rebole (*Quercus pyrenaica*)

seu empedrado orixinal. Finalmente un último cruzamento ofrece á esquerda a vista das primeiras casas de Parafita. O itinerario intérnase na aldea deixando á dereita a fonte, de auga extremadamente fría, e procura a saída camiño da igrexa, flanqueado por casas de planta sinxela, moitas xa tristemente deshabitadas, onde se fan visibles os elementos arquitectónicos locais.

Despois de pasar a igrexa de San Bartolomeu e contemplar un cancereixo espectacular, saímos da aldea atravesando o regato. Continuamos pola estrada e tomamos á dereita un amplio camiño que se dirixe a unha granxa. Aquí é posible abandonar o camiño e subir a unhas penas para descansar e admirar a paisaxe. Cara o sur corre o Navea pola depresión do seu leito, cada vez más encaixado, mentres que polo norte unha pista sobe á serra, atravesando os pasteiros do Boval, onde unha gran pedra cabaleira, sinala o lugar onde ten o seu refuxio o pastor que sobe o gando nas frescas mañás do verán.

Máis arriba é xa territorio dos uzais que se desenvolven ata a crestería que as Picoñas recortan contra o ceo, antes de chegar aos cumios do Macizo en Cabeza Grande e Cabeza Pequena.

Seguimos sen desviarnos e descendemos cara o río Dorelle entre espesos queirogais e xestas. Durante a baixada ofrécesenos unha bonita vista de Casteligo e O Chao, ademais do imponente Lombo das Chouzas, tamén chamado O Pedroso, por ser un descarnado pedregal, orixinado pola acción dos fríos periglaciares.

Unha vez atravesado o río o camiño cruza a estrada e



Cancereixo (*Sorbus aucuparia*)

bordeando o evocador curruncho da Previsa, dominado pola mellor ponte lousada de Queixa, internámonos nunha marabillosa fraga. A senda transformase en camiño



Ponte da Previsa


empedrado onde un dosel continuo nos mergulla na fresca espesura da fraga onde se agocha o ben conservado muíño de Chao.

Algo máis abaixo, xa en Casteligo, despois de deixar á dereita a fonte e o pío, chegamos aos

pés da casa dun personaxe singular: o Lobo de Queixa, que representa a figura do cacique rural. Segundo se conta, con manexos e influencias chegou a ser propietario do que hoxe é o "Parque Natural de O Invernadoiro", de moitas propiedades que lle foi arrebatando aos veciños, e ata das súas mulleres.

Pola dereita un empinado camiño condúcenos á primeira central hidroeléctrica que funcionou en toda a comarca, unha instalación case doméstica, construída por un veciño de Casteligo da que se conservan as canles e a casa onde funcionou a "dinamo".

Baixando polo centro do aldea chegamos á ben conservada casa rectoral que antecede á igrexa de maior porte do concello.



Igrexa de Casteligo

## CAMIÑA SEGURO E CONSERVA A MONTAÑA


- Infórmate das previsións do tempo e leva roupa e calzado apropiados, auga, comida enerxética, botica e teléfono móvil. Se camiñas só informa a alguén do sendeiro a seguir e hora estimada de regreso. Non arriskeas a túa vida.
- Camiña polos sendeiros, respectando as plantas, os animais e as fontes de auga.
- Procura traer o lixo de regreso e depositalo nos contedores axeitados.
- Respecta as propiedades dos veciños, a súa cultura e tradicións. Ten coidado co gando.
- Non acendas lume e avisa dos incendios e outros danos a natureza.
- Goza das paisaxes e xentes da montaña, presta atención as pequenas cousas e volve en distintas épocas do ano.

### LENDÁ



0 100 200 300 400 500 m  
1,0k m

### PERFIL TOPOGRÁFICO




Os uzaís están dominados por queirogas e carqueixas que na primavera configuran un espetacular mosaico de vermellos, morados, amarelos e brancos.



A carón da igrexa de San Bartolomeu encóntrase o maior cancereixo de Galicia, que ao final do verán enche as súas pólas cos acios vermellos dos seus froitos, que serán o alimento para moitas aves no inverno.

### O Chao



#### CARACTERÍSTICAS DO ITINERARIO:

**PUNTO DE INICIO:** Celeiros

**PUNTO DE REMATE:** Celeiros

**DURACIÓN ESTIMADA:** 3,5 horas

**DISTANCIA:** 8,6 km.

**ACCESIBILIDADE:** a pé

**DIFICULTADE:** media-baixa

#### VALORACIÓN M.I.D.E

**MEDIO:** 1, 2, 3, 4, 5

**ITINERARIO:** 1, 2, 3, 4, 5

**DESPRAZAMENTO:** 1, 2, 3, 4, 5

**ESFORZO:** 1, 2, 3, 4, 5



Na planta baixa da casa estaba a corte, con diminutas bufardas para ventilación. Á vivenda accédese pola escaleira exterior precedida dun pequeno descanso a modo de solaina.

**Medio (Severidade do medio):** 1 O medio non está exento de riscos; 2 Hai máis de un factor de risco; 3 Hai varios factores de risco; 4 Hai bastantes factores de risco; 5 Hai moitos factores de risco

**Itinerario (Orientación no itinerario):** 1 Camiños e cruces ben definidos; 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade; 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais; 4 Esixe navegación fora de traza; 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear

**Desprazamento (Dificultade no desprazamento):** 1 Marcha por superficie lisa; 2 Marcha por camiños de ferradura; 3 Marcha por sendas escaleiradas ou terreos irregulares; 4 É preciso o uso das mans ou saltos para manter o equilibrio; 5 Requiere o uso das mans para a progresión